

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 8 de outubro de 2007**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día oito de outubro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1805).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 17 de setembro de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1806).- PROPOSTA REFERENTE Ó PERSOAL EVENTUAL QUE SE ADSCRIBIRÁ Á TENENCIA DE ALCALDÍA.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o escrito do primeiro tenente de Alcaldía, do 6.08.07, e o informe de fiscalización do 5.10.07, dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Persoal, do 3.10.07, que di o seguinte:

*Constituída a nova Corporación do Concello de Vigo xurdida tralas eleccións municipais do pasado 27 de maio procede que a Xunta de Goberno Local, ó abeiro da súa atribución sinalada no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local complemente o seu acordo de data 16 de xullo en canto ó número e ó réxime do persoal eventual co obxecto de que a Alcaldía, mediante resolución posterior (art. 104.2 LBRL), efectue os nomeamentos dando conta ó Pleno.*

*De conformidade coa normativa exposta e examinado o escrito do Tenente de Alcalde de data 6 de agosto –doc. 70089636- propónse á Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención Xeral, o seguinte acordo:*

*Primeiro.- A Tenencia da Alcaldía terá adscritas en réxime de dedicación de xornada completa seis persoas que obstarán a condición de persoal eventual: Xefe/a de Prensa; Secretario/a e Técnico/a cunhas retribucións brutas anuais de 30.665,32 € e tres Asesores/as Técnicos/as cunhas retribucións brutas anuais de 43.000€.*

*Segundo.- A dedicación plena do devandito persoal implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria a incompatibilidade para calquera actividade pública ou privada por conta allea ou propia.*

*Terceiro.- As retribucións anuais brutas deste persoal aboaranse en catorce pagas e revisaranse anualmente na mesma proporción que as do resto do persoal ó servizo do Concello.*

*Cuarto.- A resolución da Alcaldía pola que se acorde o nomeamento deste persoal publicarase no BOP.*

*Quinto.- Notificar o presente acordo á Tenencia da Alcaldía co obxecto de que a través da Secretaría da Xunta de Goberno, e mediante escrito, comunique á Alcaldía o nome, apelidos e DNI das persoas propostas para o seu posterior nomeamento.*

*Sexto.- Notificar este acordo á Intervención Xeral do Concello, Tesourería municipal e Unidade de Persoal.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **3(1807).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2007”. EXPTE. 24962/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica de Benestar Social, do 20.07.07, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º-Aprobar a concesión dunha subvención directa á Asociación *Solidariedade Galega co Pobo Saharaui*, CIF.: G15.924.558, por importe de 17.850 euros.

2º- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Asociación *Solidariedade Galega co Pobo Saharaui*, CIF.: G15.924.558 para o desenvolvemento do proxecto “vacacións en paz 2007”.

3º- Aprobar o gasto de 17.850 euros con cargo á partida 3130.480.00.01 - axuda ao terceiro mundo-, que corresponde ao desprazamento de 30 nenas/os.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE  
GALEGA CO POBO SAHARAHUI PARA O PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2007”

Vigo, de de 2007

Reunidos:

Dunha parte, Dna. M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro, en calidade de Concelleira – Delegada da Área de Benestar Social, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007,

E doutra, D. Bernardo Porto Sánchez, en calidade de presidente da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, CIF.: G15.924.558 e enderezo na rúa Gregorio Espino, 31 – entrechán, en Vigo.

As partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio e,

EXPOÑEN

A Lei 3/2003, de 19 de junio, de cooperación para o desenvolvemento ten por obxecto regular as accións con que a comunidade galega asume a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuir á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e correxir as situacións de pobreza e propiciar un desenvolvemento humano solidario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade e un reparto máis xusto dos froitos do crecemento económico.

O artigo 5 deste Lei dí que os principios e criterios de cooperación para o desenvolvemento sinalados nesta vinculan a todas as políticas e actuacións da Xunta de Galicia neste ámbito e ás dos entes locais da Comunidade Autónoma, no ámbito das súas respectivas competencias.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, dí que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

Que a participación das asociacións no funcionamento do traballo social é fundamental, recoñecéndolles a contribución que teñen como entidades colaboradoras das administracións públicas.

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai ven desenvolvendo dende hai tempo unha importante labor coa realización do proxecto “vacacións en paz” para nenos e nenas saharahuis en Galicia. Os rapaces proceden dos campamentos de refuxiados de Tindouf.

A Asociación dispón da regulamentaria autorización como entidade prestadora de servizos sociais.

A Corporación Municipal, pola súa parte, en sesión plenaria de data 25 de abril de 2005, aprobou unha moción relativa a un plan de acollida para os nenos saharahuis, comprometéndose a aumentar progresivamente a achega económica neste programa.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

E segundo o manifestado con anterioridade, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

## CLAÚSULAS

### *Primeira.-*

*O obxecto do presente convenio é a colaboración coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui para o desenvolvemento do proxecto denominado “vacacións en paz”, segundo describeo a ficha técnica que figura como anexo I.*

### *Segunda.-*

*A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui conta co recoñecemento do Goberno Saharaui para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para elo.*

### *Terceira.-*

*A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui figura inscrita no rexistro galego de organizacións non gubernamentais de axuda ao desenvolvemento que se regula na Orde de 4 de abril de 1994, así como no rexistro de entidades de servizos sociais da Xunta de Galicia.*

### *Cuarta.-*

*O Concello de Vigo aporta para a realización deste programa unha cantidade de 17.850.- € correspondentes ao importe dos desprazamentos de 30 (trinta) nenos e nenas dende os campamentos de refuxiados de Tindouf (Argelia) a Santiago (ida e volta). Dito gasto farase con cargo á partida 3130.480.00.01 - Axuda ao terceiro mundo -, do vixente presuposto, prorrogado de 2005 da Área de Benestar Social.*

### *Quinta.-*

*A vixencia deste convenio prevese para a actividade realizada durense o ano 2007. O presente convenio extinguirase, igualmente, no caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.*

### *Sexta.-*

*O pagamento da subvención concedida efectuarase polo seu total, unha vez se xustifiquen os gastos realizados e sexan ratificados polo funcionario responsable do programa.*

*Serán gastos subvencionables os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada.*

*A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui comprométese a presentar, antes do 30 de setembro de 2007 e, en ningún caso, con posterioridade xustificación do cumprimento do convenio do rexistro xeral do Concello, con destino ao Departamento de Benestar Social, aportando a conta xustificativa formada pola seguinte documentación: Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas.*

*α) Xustificación documental dos gastos xerados mediante facturas orixinais conformadas ou fotocopias compulsadas polo importe total da subvención aprobada.*

*β) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade, obxecto do convenio, con indicación do importe e a súa procedencia.*

### *Sétima.-*

*Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas e interpretacións do convenio, crearase unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida pola Concelleira – Delegada da Área de Benestar Social.*

### *Oitava.-*

*A asociación Solidariedade Galega co Pobo sSaharui queda obrigada a someterse ás actuacións de comprobación que quera efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.*

*A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui disporá do necesario para subscribir as pólizas de seguros que garanten a cobertura de todos os aspectos da actividade.*

*Novena.-*

*O Concello de Vigo velará pola seguridade dos menores na medida das súas posibilidades garantindo o cumprimento dos requisitos de atención aos mesmos.*

*Para isto, dende o Departamento de Benestar Social, emitirase informe social das familias acolledoras no que constará a idoneidade das mesmas así como unha declaración xurada a través da cal as familias acolledoras se comprometen a cumprir as datas de entrega dos nenos para o seu retorno. Así mesmo e, co fin avaliar a estancia dos rapaces, o Departamento de Benestar Social realizará un seguimento dos acollementos valorando o seu desenvolvemento emitindo, os correspondentes informes de seguimento.*

*A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui comprométese a facilitar ao Concello de Vigo, o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.*

*Décima.-*

*As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaránse ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Regulamento do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.*

*Undécima.-*

*O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da mesma, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que poña de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.*

*Duodécima.-*

*A lexislación aplicabel é a sinalada no artigo 5 da Lei Xeral de Subvencións, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE nº 276 de 18 de novembro de 2003), co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007 e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil sete.*

**4(1808).- PROPOSTA DE CAMBIO NA ORDENANZA Nº 43 REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DE “VERBUM-CASA DAS PALABRAS”. EXPTE. 423/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director de Verbum, do 10.09.07, conformado polo Concelleiro da área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

*Mediante Decreto de delegación da Alcaldía de 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo de 2007, en acordo coa normativa de réxime local que outorga unha serie de facultades, faise constar a designación de Xesús López Carreira como Concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

*Por outra banda as Ordenanzas de Tributos e Prezos Públicos neste ano 2007, no referido á Ordenanza nº 43 “Ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización de “Verbum – Casa das Palabras”, repítese no artigo 3, no canto á tarifa reducida , apartado i) “... en convenio coa Concellería de Asuntos Sociais”, e no canto á tarifa gratuita, apartado e) “...,en convenio coa Concellería de Asuntos Sociais”, tamén no apartado 5 Tarifa reducida de utilización de dependencias, e no apartado 8 de dito artigo, fala de “... resolución da Concellería de Asuntos Sociais” , e no apartado 9, de confirmación por parte de dita concellería.*

*Sería necesario mudar na Ordenanza cara a axustarse á realidade, falar de Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, e proporcionar, xa que logo ó Concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural Xesús López Carreira, todas as competencias recollidas na citada Ordenanza cara á autorización de usos, reducións e gratuidades, nunha aposta clara a que este museo Verbum – Casa das Palabras, tenda á gratuidade e á prestación de servizos que primen a aposta pola divulgación cultural, a gratuidade e a primacía da actividade municipal como garante do anteriormente dito.*

*Polo exposto,*

*De acordo á realidade manifestada no informe precedente proponse a esa Xunta de Goberno Local:*

*1º Acorde mudar na Ordenanza nº 43 “Ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización de “Verbum – Casa das Palabras” cara axustarse á realidade, onde fala de Concellería de Asuntos Sociais falar de Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.*

*2º Acorde autorizar ó Concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, Xesús López Carreira, todas as competencias recollidas na citada ordenanza cara á autorización de usos, reducións e gratuidades.*

*Nembargantes, esa Xunta de Goberno Local, acorde o que estime oportuno.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

#### **5(1809).- PROPOSTA PARA A VENDA DAS CARPETAS “PLANTEMOS CARA ÁS ARMAS. A VISIÓN DE 16 ARTISTAS”, FIXACIÓN DO PREZO. EXPTE. 433/340.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director de Verbum, do 12.09.07, conformado polo Concelleiro da área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:*

*Dentro da programación do museo Verbum-Casa das Palabras para o ano 2006, estivo incluída a exposición “Plantemos cara ás armas” con Intermón Oxfam, unha exposición itinerante que trataba de concienciar da necesidade de rematar con este cancro social que é o uso indiscriminado das armas incluso en nenos. A citada exposición estivo acompañada dun completo programa de actos que incluía entre outros conferencias abertas a todo o público, video-fórum para o público máis adulto, visitas guiadas para colexios, etc. ]*

No Verbum, co gallo desta exposición se lles plantexou a varios deseñadores gráficos que plasmasen nun cartel o que significaba para eles o “Non as armas”. Con estes carteis montouse unha exposición complementaria á anterior. Neste ano 2007, se editou unha carpeta que recopilaba todo este traballo, co título: “Plantemos cara as armas. A visión de 16 artistas”.

Os gastos de deseño, impresión e elaboración de carpetas e a impresión do seu contido foron realizados a traveso do contrato de gasto menor, exp. 279/340 a favor de Publitia, Publicidad / Comunicación, S.L., por un importe de 11.785,60 €.

Editadas as carpetas, en total 1000 exemplares, son entregadas cinco a cada un dos artistas que participaron na proposta (en total 80 exemplares). Do resto, que son propiedade do Concello de Vigo se destinarán 135 exemplares a entregas institucionais e a obsequios, estimándose oportuno a posta á venda dos 785 exemplares restantes.

De acordo co prezo resultante dos gastos realizados para a cobertura da tirada, estimados en 12,93 € máis o 16% de IVE, resulta un prezo total de 15 €. Estímase adecuada a posta á venda de 785 exemplares das carpetas “Plantemos cara ás armas: A visión de 16 artistas” nas dependencias do Museo Verbum – Casa das Palabras.

Polo exposto,

De acordo coa Ordenanza nº 41 , “ Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de subministración de libros, catálogos, cerámicas, e outros artigos destinados á divulgación de actividades realizadas polo Concello”, PROPONSE A ESA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1º Acorde autoriza-la venda dos 785 exemplares propiedade do Concello de Vigo, das carpetas “Plantemos cara ás armas. A visión de 16 artistas”, de acordo co prezo resultante dos gastos realizados para a cobertura da tirada, estimados en 12,93 € mais o 16% de IVE, o que fan un total de 15 €.

2º Acorde autoriza-la venda das carpetas “Plantemos cara ás armas. A visión de 16 artistas” nas dependencias do Museo Verbum – Casa das Palabras, polo prezo antedito.

Nembargantes, esa Xunta de Goberno Local, acorde o que estime oportuno.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(1810).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	36507	5.000,00	4.127,89	872,11	----
ESPADA RE CAREY LUIS	22338	1.000,00	673,50	326,50	----
ESPADA RE CAREY LUIS	22426	1.000,00	370,82	629,18	----
ESPADA RE CAREY LUIS	22451	1.000,00	264,76	735,24	----
ESPADA RE CAREY LUIS	25309	1.500,00	1.378,93	121,07	----

ESPADA RECAREY LUIS	32537	12.000,00	12.000,00	----	----
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ M <sup>a</sup>	46537	30.000,00	30.000,00	----	----
LOPEZ CUESTA ISABEL	31133	79.809,24	78.410,00	1.399,24	----
LOPEZ MOURE JESUS	32597	273.928,00	273.928,00	----	----
LOPEZ MOURE JESUS	40529	34.800,00	34.800,00	----	----
LOPEZ MOURE JESUS	44153	35.000,00	35.000,00	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	13200	500,00	497,53	2,47	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	16275	1.000,00	999,31	0,69	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	19278	400,00	389,65	10,35	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	21122	310,11	171,50	138,61	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	21124	286,16	286,16	----	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	28256	560,00	307,40	252,60	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	28265	300,00	266,80	33,20	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	29093	900,00	790,06	109,94	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	35858	557,00	557,00	----	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	35859	179,00	181,80	----	2,80
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	47234	293,33	293,33	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	46495	14.000,00	14.000,00	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	47417	6.000,00	6.000,00	----	----
SANROMAN VARELA M <sup>a</sup> JESUS	16604	14.400,00	14.400,00	----	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	16668	6.000,00	5.989,24	10,76	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	19293	303,00	303,00	----	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	19294	520,75	622,88	----	75,54
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	19295	450,88	424,29	----	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	28258	59,95	----	59,95	----
		522057,42	517433,85	4701,91	78,34
TOTAL XUSTIFICADO.....			517433,85		

**7(1811).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 33.749,99 € A FAVOR DE GLOBAL SALES SOLUTIONS LINE ATLANTICO S.L. EXPTE. 1308/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 27.09.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 20.09.07, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidalas actuacións e o gasto realizado de conformidade coa Base 28ª das de execución do orzamentaria para o ano 2007, por un importe de 33.749,99 € (trinte e tres mil setecentos coarenta e nove euros con noventa e nove centimos) a favor de Global Sales Solutions Line Atlantico e CIF B-15727480.

2º.- Recoñecer a abriga a favor de Global Sales Solutions Line Atlantico S.L. e CIF B-15727480, polo importe total de 33.749,99 € (trinte e tres mil setecentos coarenta e nove euros con noventa e nove centimos) .

3º.- Dispoñer o gasto a favor de Global Sales Solutions Line Atlantico S.L. e CIF B-15727480 para o abono das facturas 26 118, 27 8, 27 19 polo importe total de 33.749,99 €, xa que se prestou de



conformidade ao servizo prestado e a demora na tramitación do expediente non é atribuíble a mesma con cargo a partida 4631 2270600.

**8(1812).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUN SISTEMA DE TELECONTROL DA REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA EN VIGO. EXPTE. 5020/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 24.09.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado, do 25.09.07, conformado polo concelleiro da Área de Medio Ambiente e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 19.562,24 euros euros para a execución da subministración dun sistema de telecontrol da rede de abastecemento de Vigo. que se imputarán á partida presupuestaria 4450 640 00 00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 20-09-2007 e o prego de prescripción técnicas para a subministración dun sistema de telecontrol da rede de abastecemento de Vigo.

3º.- Solicitar oferta a empresa Macraut para a execución do contrato.

**9(1813).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA DE COLABORACIÓN PARA A EFECTIVIDADE DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS. EXPTE. 335/550.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 18.09.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a unión temporal de empresas formada por Xestriloc, S.L. (50% participación ) e Servimun, S.L. (50% de participación) a asistencia técnica de colaboración para a efectividade do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Expediente 335-500. A retribución do contrato consistirá no 16% do importe efectivamente ingresado en arcas municipais por principal, intereses e sancións dos expedientes que teñan sido obxecto de tramitación.

Ademais o adxudicatario comprométese a executar as seguintes melloras:

1. Bases de Datos e Software relacionado co ICIO (programas Presto e Premeti de cálculos de custes de execución material de obra basados en índices de custe de referencia particularizados).
2. Estudio, análise e propostas de modificación das ordenanzas fiscais do Concello de Vigo.
3. Formación ó persoal do Concello de Vigo mediante curso de formación sobre inspección tributaria e procedemento sancionador.

4. Corrección, ampliación e actualización do modelario utilizado nas tarefas inspectoras polo Concello de Vigo.

Todo isto de acordo co prego de cláusulas técnicas e administrativas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 12-06-2006 e a oferta presentada.

**10(1814).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A ASISTENCIA TÉCNICA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INTERPRETACIÓN E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DE VIGO. EXPTE. 3399/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 17.09.07, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local de 02-10-2006 acordou contratar con D. José Valtierra Pérez a asistencia técnica do programa municipal de interpretación e divulgación do patrimonio arqueolóxico de Vigo.*

*A duración do contrato establecíase en un ano a contar dende o día seguinte da sinatura do contrato (06-11-2006), preveendose no prego de condicións a posibilidade de prorrogalo por unha anualidade máis.*

*A xefa do Servizo de Patrimonio Histórico propón a prorrogación do contrato.*

*A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*Autorízase a prorrogación para o período comprendido entre o 07-11-2007 ó 06-11-2008 do contrato para a asistencia técnica do programa municipal de interpretación e divulgación do patrimonio arqueolóxico de Vigo adxudicado a D. José Valtierra Pérez por acordo da Xunta de Goberno de 02-10-2006.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1815).- RENUNCIA DE INTELSIS SISTEMAS INTELIGENTES S.A. DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DUN REPETIDOS DA REDE BSS/UTRAN DE AMENA AUNA, NO TUNEL DE BEIRAMAR, A FAVOR DE FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A. EXPTE. 18129/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 25.09.07, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- α) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- β) Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*
- χ) Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*

- δ) RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- ε) RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

*Primeiro.- A empresa INTELSIS SISTEMAS INTELIGENTES SA mediante escrito con entrada ó 2.08.2007 no Rexistro Xeral deste Concello, comunica a súa renuncia a favor da sociedade FRANCE TELECOM ESPAÑA SA. da autorización administrativa da que é titular para a ocupación do público para a instalación dun repetidor de red no Tunel de Beiramar.*

*Segundo.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 25.08.2006 acordou autorizar a INTELSIS SISTEMAS INTELIGENTES SA para a ocupación do dominio público mediante a instalación dun repetidor da rede BSS/UTRAN de Amena Auna para dotar de cobertura de telefonía mobil no Tunel de Beiramar, con sometemento as condicións xurídicas e técnicas que se sinalan no propio acordo.*

*Terceiro.- Según dispón o apartado noveno das condicións xurídicas que se rixe dita autorización, aprobadas por acordo da xunta de goberno local de 21.08.2006, “ A presente autorización non sera transmisíble a terceiros, nin susceptible, de ser gravada con carga ningunha”.*

*Conseguentemente non e posible a renuncia de dereitos formulada pola interesada a favor de terceiros, sendo unicamente admisible dita renuncia como causa de extinción da autorización administrativa outorgada (apartado 11.1.b das condicións xurídicas), pero en ningún caso como medio de transmisión dos dereitos.*

*Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo sobre o interesado, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Lei 7/85 do RBRL no seu art. 127.1.f.*

*Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“UNICO.- Non autorizar a renuncia de INTELSIS SISTEMAS INTELIGENTES SA a favor de FRANCE TELECOM ESPAÑA SA., da autorización administrativa outorgada pola Xunta de Goberno local o 25.08.2006 para a ocupación do dominio público mediante a instalación dun repetidor da rede BSS/UTRAN de Amena Auna para dotar de cobertura de telefonía mobil no Tunel de Beiramar.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(1816).- TRANSMISIÓN DA CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DO APARCAMENTO SOTERRADO NA PRAZA DELIMITADA POLAS RÚAS ZARAGOZA E VALLE-INCLÁN. EXPTE. 18099/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 25.09.07, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das administracións Públicas (LPAAPP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

- *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.*
- *Lei 2/1995 de 23 marzo, Sociedade de Responsabilidade Limitada (LSRL)*
- *Real Decreto 1784/1996, de 19 de xullo, Regulamento do Rexistro Mercantil.(RRM)*
- *D 17 xunio de 1955, Regulamento de Servicios das Corporacions Locais (RSCL).*

#### ANTECEDENTES

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en data 16 de xullo de 2007, acordou denegar a autorización a ISMAEL Y VICENTE RODRIGUEZ ALVAREZ SA para a cesión a favor da sociedade Consulting Servicios Bayona SL dos dereitos concesionais da que é titular para a explotación do aparcamento soterrado na praza delimitada polas rúas Zaragoza e Valle-Inclan.*

*SEGUNDO.- Con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 6 de setembro 2007 interponse pola interesada recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a anulación de dito acordo.*

#### FUNDAMENTOS XURIDICOS

*PRIMEIRO.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.*

*O acordo desestimatorio recorrido, fundamentase na falta de acreditación pola entidade recurrente de determinadas condicións subxetivas e obxetivas esixidas pola normativa reguladora da contratación pública para a cesión dos dereitos concesionais a prol de terceiras persoas.*

*SEGUNDO.- A recurrente, Consulting Servicios Bayona SL, no recurso presentado incide sobre as condicións de capacidade e solvencia da sociedade para a execución do contrato, achegando documentación referente a mesma, co que subsana, se ben en vía de recurso, a falta de acreditación das condicións que motivaron a denegación da autorización de cesión do contrato interesada, solicitando a anulación de dito acordo da Xunta de Goberno.*

*A teor da nova documentación, podese estimar que na actualidade concurren as condicións esixidas pola normativa de contratación para a cesión do contrato, tendose cumprido o prazo mínimo requerido de execución polo cedente, como os demais previstos relativos o cesionario (art. 114 do TRLCAP), sendo conseguintemente admisible autorizar a transmisión dos dereitos concesionais da que é titular Ismael y Vicente Rodriguez Alvarez SA, a favor da sociedade Consulting Servicios Bayona SL, para a explotación do aparcamento soterrado na praza delimitada polas rúas Zaragoza e Valle-Inclan, quen quedará subrogada na totalidade dos dereitos e obrigas contractuais.*

*TERCEIRO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta do Goberno Local de conformidade coas competencias que lle son atribuídas pola LRBRL no seu artigo 127.1.f, tra-las modificacións introducidas por Lei 57/2003 de medidas para a modernización do Goberno Local.*

*Por todo o anteriormente exposto á Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Autorizar a Ismael y Vicente Rodriguez Alvarez SA a cesión, a favor da sociedade Consulting Servicios Bayona SL, da concesión administrativa para a explotación do aparcamento soterrado sito na praza delimitada*

polas rúas Zaragoza E Valle-Inclan, nesta cidade de Vigo, dacordo e con plena suxeción ó prego de condicións administrativas que o rixe.

2º.- A cesión deberá formalizarse en escritura pública, nun prazo de trinta días dende a notificación do presente acordo, e previa constitución polo cesionario na tesorería do Concello da garantía definitiva para responder do cumprimento do contrato.

3º.- A sociedade Consulting Servicios Bayona SL, achegará nun prazo de dez días dende o seu otorgamento, copia simple da escritura pública na que se formalice a cesión, para coñecemento e comprobación do cumprimento das condicións da cesión do contrato.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1817).- RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO EDREIRA SÁNCHEZ (MAPFRE MUTUALIDAD DE SEGUROS) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1126/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 25.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Antonio Edreira Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Mapfre Mutualidad de Seguros, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xuño de 2006, no que expón que o vehículo con matrícula 4791-BXK, asegurado por Mapfre, sufriu unha serie de danos materiais o día 8 de maio de 2006, por mor dunha focha existente na calzada en Costa Castrelos.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo da Policía Local, de data 03/07/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 17/12/2006, sobre o lugar ó que se refire a reclamación, no que indican que o accidente ocorreu por mor dun dado pertencente á rede de saneamento.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 23/01/2007, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Mapfre Mutualidad de Seguros, presentado polo reclamante, por un importe de 139,36 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 19/03/2007.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 11/04/2007.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser*

*indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:*

- No expediente hai informe de 03/07/2006 da Policía Local de Vigo conforme non hai constancia de ningunha intervención en relación cos feitos polos que se reclama.*
- Hai informe de Vías e Obras de data 17/12/2007 consonte na inspección do servizo tampouco hai constancia dos feitos denunciados, e que na data da inspección se ben o dado e tapa ós que se refire o reclamante se atopaban reparados, estes pertencen á rede de saneamento do Concello.*
- Non hai testemuñas alleas á produción do sinistro que poidan testificar sobre as circunstancias, o lugar e data onde este puido ocorrer.*

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcimento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Cuarto.- Nos expedientes de responsabilidade patrimonial cómpre apreciar dun xeito indubidábel un vínculo causal que enlace o dano padecido co funcionamento dun servizo público, demostrando que aquel é consecuencia deste por parte do reclamante.

E neste caso non se acreditan nin que os danos que se mostran en fotografía e segundo factura producíronse no lugar e data indicados, e no seu caso, as circunstancias nas que tiveron lugar, sendo insuficientes a estes efectos as simples manifestacións do condutor do vehículo no que se subroga conforme a lei a compañía aseguradora.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Antonio Edreira Sánchez en nome e representación de Mapfre Mutualidad de Seguros polos danos causados ó vehículo asegurado por Mapfre, con matrícula 4791-BXK, supostamente por un accidente ocorrido o día 8 de maio de 2006 en Costa Castrelos”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1818).- RECLAMACIÓN DE Dª. ANA MARÍA COMESAÑA LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1101/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 26.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Ana María Comesaña López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de xuño de 2006, no que expón que o día 18 de maio de 2006, mentres camiñaba pola rúa Oporto, á altura do número 28, sufriu unha caída ó tropezar nunha baldosa da beirarrúa que se atopaba rota, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 18/05/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a existencia dunha baldosa rota e de manchas de sangue; persoados no Centro médico Fátima, onde fora trasladada a Sra. Comesaña, esta relátalles o accidente que tivera.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 871,20 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 11/08/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia*



deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instructor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente, dado que o reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que cando os axentes actuantes se persoaron no lugar dos feitos a Sra. Comesaña non se atopaba nel pois tera sido trasladada a un centro médico por unha ambulancia do 061, polo que se trasladaron ó mesmo e tomáronlle declaración dos feitos, polo que so poden dar fe da realidade dos danos que presentaba a reclamante, máis non da causa dos mesmos nin da súa relación causal co funcionamento anormal do servizo público municipal. A Sra. Comesaña en xustificación dos danos reclamados límitase a aportar diversas facturas de gastos médicos e unha folla de asistencia no servizo de urxencias do Sergas de data 21-06-06, no que o médico asinante afirma que a paciente acude a consulta cun informe do Servizo de Urxencias de Fátima e fai constar as lesións que presentaba segundo tal informe. Á vista destes datos a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. Ana María Comesaña López por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1819).- RECLAMACIÓN DE LIBERTY SEGUROS (D. RICARDO SEROIDO BESADA) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1108/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 26.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade Liberty Seguros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Ricardo Serodio Besada, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de xuño de 2006 no que expón que o día 4 de marzo de 2006, o vehículo de propiedade do Sr. Serodio, con matrícula 6207-CHZ, atopábase estacionado e foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, de data 22/06/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informe do Parque Móbil, de data 05/10/2006, comunicando que os prezos contidos no informe pericial de Liberty Seguros, presentado polo reclamante, por un importe de 973,66 euros IVE incluído, son correctos.
- Cítase proba testifical para o 10/11/2006, que non se realiza ó non compareceren a ela nin o reclamante nin a testemuña por el proposta.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contener-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 28/11/2006.
- Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 13/12/2007.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 06/03/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia) para a prestación do cal é necesaria a utilización de

determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local por se tivesen constancia do accidente, solicitou informe tanto da empresa concesionaria do mantemento dos colectores como da responsábel do servizo de recollida de residuos sólidos, así como do servizo de limpeza, e procedeu a citar á testemuña presencial dos feitos proposta polo reclamante. No entanto, nin a Xefatura da Policía local, nin o servizo de limpeza, nin as empresas relacionadas co servizo de recollida de residuos sólidos teñen noticia do accidente e a testemuña presencial, citada en forma, non compareceu na data sinalada para a práctica da proba testifical.

O Sr. Serodio limitábase a presentar como proba dos feitos un informe pericial de Liberty Seguros sobre os danos do seu vehículo, que proba que o seu vehículo nesa data presentaba determinados danos, pero non demostran nin o lugar onde tiñan acaecido nin a causa dos mesmos. Á vista destes datos a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Liberty Seguros en nome e representación de D. Ricardo Serodio Besada por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(1820).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ROSA NOVOA BOUZO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 977/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 25.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Rosa Novoa Bouzo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de marzo de 2006, no que expón que o día 19 de outubro de*

2005, mentres camiñaba pola rúa Oporto, sufriu unha caída por mor do mal estado da calzada á altura do paso de peóns, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte de servizo da Policía Local, de data 19/10/2005, no que os axentes actuantes manifestan que se persoan no lugar do accidente, a requirimento dunha persoa que esvarara no paso rebaixado.
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 20/04/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que non existía ningún desperfecto, senón o rebaixe do paso de peóns.
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 0 euros.
- d) Evacuáase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións e presenta documentación en datas 31/07 e 04/08/2006.
- e) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 18/09/2006, no que indican que o estado do paso de peóns era aceptable, non tendo constancia de outros accidentes no mesmo lugar.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación

destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 19/10/2005 a Policía Local de Vigo acudiu ó cruce da rúa García Barbón coa rúa Oporto a requirimento dun viandante, por canto unha persoa que resultou ser a reclamante caera na zona rebaixada do paso peonil situado no lugar, recibindo asistencia médica tras o suceso.
- De conformidade co ditame médico solicitado ó efecto, e que consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución, na data indicada, e á vista da documentación achegada, a reclamante se atopaba de baixa médica desde había vinte semanas a consecuencia dunha escordadura do nocello, o mesmo que se di danado, e considérase unha casualidade a torcedura do nocello que podería estar favorecida pola súa debilidade e non considera relacionr a baixa co mecanismo lesional.
- Solicitado informe ó servizo de Vías e Obras sobre posíbeis defectos no lugar da caída, emítase o 17/04/2006 indicando que non hai desperfecto ningún no lugar e que o paso peonil se atopa rebaixado.
- En data 04/08/2006 a reclamante achega documentación na que figura parte de confirmación de baixa nº 19 de data 15/10/2005, isto é, catro días anterior á caída e no que se describe a limitación funcional á data como “repouso con férula”.

De todo o que resulta que o paso peonil non tiña ningún defecto, ó que se ten que engadir que o rebaixe del onde presumibelmente tivo lugar a caída, da que non hai testemuñas directas polo que se descoñece en que circunstancias aconteceu, ten como misión principal facilitar a deambulacón dos transeúntes e que á data de 19/10 a reclamante tiña que estar gardando repouso con férula por unha escordadura do nocello, e é evidente que non o estaba a facer ó pasear polo lugar.

Nos expedientes de responsabilidade patrimonial cómpre para poder apreciarse esta, a demostración da existencia dun xeito indubidábel dun vínculo causal que enlace o dano padecido co funcionamento dun servizo público, demostrándose que aquel é consecuencia deste. E neste suposto polas razóns anteriormente expostas e dos feitos probados non se xustifica isto debidamente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Rosa Novoa Bouzo por unha caída ocorrida o día 19 de outubro de 2005 na rúa Oporto, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(1821).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. GABRIELA LAURA PENAS DI PAOLA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1116/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 26.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Gabriela Laura Penas di Paola presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, no seu propio nome e en nome e representación da súa filla Candela García Penas, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de xuño de 2006, no que expón que o día 19 de xuño de 2006, mentres camiñaba pola rúa Urzáiz, entre as rúas Portela e Aragón, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose tanto ela como a súa filla Candela García Penas, de 2 anos de idade e que ía no seu colo, danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 19/06/2006.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/09/2006.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 14/12/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos*

viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, reclamando o parte de servizo correspondente á actuación realizada por mor do accidente. No parte de servizo os axentes actuantes manifestan que “no lugar reseñado non damos con nada no pavimento que puidese orixinar a caída”. Así mesmo, solicitouse ó servizo de vías e obras a realización de inspección ocular do lugar do accidente, que informa que “en el momento de la inspección se pudo apreciar que el desperfecto ubicado junto a la tapa de saneamiento, fotografía nº 1 aportada por Dña. Gabriela Laura Penas Di Paola, había sido reparado. El punto que la reclamante refleja en la fotografía nº 2, se supone que ha sido reparado puesto que en la inspección ocular no se pudo detectar”, así como que “en la inspección de vías y obras no hay constancia de que se ejecutasen obras en el punto referido”. Á vista destes datos temos que concluír que se ben non existe dúbida da certeza da caída da Sra. Penas, non queda acreditado no expediente a existencia de desperfectos na beirarrúa na zona onde caeu que permitan establecer un nexo de causalidade entre a caída e o funcionamento anormal do servizo público municipal, caída que puido deberse, tal e como refire a propia reclamante, no seu escrito de data 3 de xullo de 2006, a que no momento en que acaeceu se dispuña a cruzar a rúa cos seus fillos e levaba a súa filla pequena en brazos e “Tenía además una bolsa de la compra realizada minutos antes, más mi bolso colgado en mi hombro izquierdo”, circunstancias que puideron orixinar a súa caída e que en ningún caso son imputábeis á administración.

Tampouco consta acreditado no expediente que a Sra. Penas sufrise ningún dano con ocasión da caída, así, aínda que no mencionado escrito de alegacións manifesta ter mancado un xeonllo, non consta ningún informe médico que corrobore este extremo. Respecto á súa filla, só presenta un parte de asistencia no servizo de urxencias no que lle diagnostican “contusión en zona temporal”, sen que precisase ningún tipo de tratamento nin posterior asistencia sanitaria, polo que a xuízo da informante, falla outro dos requisitos esenciais para poder apreciar a responsabilidade patrimonial desta administración, a existencia dun dano avaliábel economicamente.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Gabriela Laura Penas di Paola, no seu propio nome e en nome e representación da súa filla Candela García Penas, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(1822).- RECLAMACIÓN DE D. SILVINO FIGUEIREDO PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1688/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 25.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Silvino Figueiredo Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xullo de 2007, no que expón que o día 19 de decembro de 2006, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-3265-AM, pola estrada de Bembrive, na confluencia coa rúa Monte Calvario, causou unha serie de danos materiais ó vehículo, debido á existencia dunha focha sen sinalizar na calzada.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 19/12/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Figueiredo relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia dunha focha na calzada, que estiman non ser de suficiente entidade como para provocar accidentes.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 05/09/2007, no que indican que a estrada de Bembrive é de titularidade provincial.*
- c) Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 21/09/2007.*

*Fundamentos de dereito*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Terceiro.- De acordo co informe do servizo de vías e obras, de data 5 de setembro de 2007, “a estrada de Bembrive é de titularidade provincial”. Á vista deste dato, temos que concluír que, dado que o Concello de Vigo non é o titular da vía na que ocorreu o accidente obxecto da presente reclamación, non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público do mesmo, polo que falla un*



*presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo que, polo tanto, carece de lexitimación pasiva no presente procedemento.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Silvino Figueiredo Pérez, ó carecer o Excmo Concello de Vigo de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a titularidade da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido ningún título competencial respecto á conservación e mantemento da mesma.*

*2º.- Dar traslado do presente expediente á Deputación Provincial ós efectos oportunos”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(1823).- RECLAMACIÓN DE AMIC SEGUROS GENERALES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1113/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*A entidade Amic Seguros Generales presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación do seu asegurado, D. Miguel González Carrera, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de xuño de 2006, no que expón que o Sr. González circulaba co vehículo de súa propiedade e asegurado pola devandita entidade, matrícula PO-9825-BD, polo túnel de Beiramar e sufriu danos materiais nunha roda tras introducila nunha focha.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 03/03/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados na rotonda da rúa Areal, á saída do túnel de Beiramar, o Sr. González relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia de danos no vehículo e de fochas na vía, dando aviso ó servizo de mantemento do túnel.*
- Informe da U.T.E. Imes-Escysa, concesionaria do servizo de mantemento do túnel de Beiramar, de data 28/06/2006.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 07/07/2006, manifestando que os prezos contidos na factura proforma de Rodex, presentada polo reclamante, por un importe de 92,80 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 13/07/2006, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de*

*responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, pavimentación das vías públicas urbanas, aínda que o mantemento do túnel onde acaeceu o presunto accidente é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*A Xunta de goberno local, en data 12 de xullo de 2004, acordou a adxudicar á unión temporal de empresas formada por Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento S.A. e Equipos de Señalización y Control S.A. o servizo de mantemento das instalacións electromecánicas dos túneles propiedade do Concello de Vigo.*

*Cuarto.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Así, a Administración, neste caso o contratista ó xestionarse este servizo de forma indirecta, ten o deber ineludíbel de manter estas vías públicas de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración, ou no seu caso o contratista, resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos usuarios nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos mesmos, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo administrado e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*Quinto.- Consonte o establecido no artigo 97.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato”. Principio reiterado na cláusula XIX.1. c) do prego de condicións administrativas para a contratación mediante concurso da prestación dos servizos de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles e pasos inferiores da cidade de Vigo, segundo o cal o contratista ten a obriga de responder dos danos e*

perdas que se ocasionen con motivo da execución do servizo, tanto a Administración municipal como a terceiros. Neste senso, a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista

Sexto.- No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia do accidente, dado que a reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando, segundo consta no parte do servizo, que cando os axentes actuantes acudiron ó lugar a instancia do Sr. González o accidente xa acaecera e non o presenciaron, motivo polo que non poden dar fe nin da súa realidade nin da causa do mesmo, estes limitáronse a recoller o relato dos feitos efectuado polo reclamante e a constatar, tanto a existencia dunha focha no túnel, como de danos na llanta do seu vehículo. Así mesmo, solicitouse informe á empresa encargada do mantemento do túnel, que se ben confirma a existencia dunha focha no túnel, pon en dúbida que esta tivese entidade suficiente para dobrar unha llanta de aluminio, así mesmo, parécelle chamativo o feito de que resultase danada a llanta e non o neumático. Por último, indica o dato de que polo túnel circulan diariamente uns 30.000 vehículos e non teñen constancia de outros accidentes semellantes por mor da focha.

Dado que o Sr. González como proba limitábase a achegar unha factura dun taller mecánico que unicamente fai proba de que o seu vehículo nesa data presentaba determinados danos, pero non os vincula co deficiente funcionamento do servizo de mantemento do túnel, a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Amic Seguros Generales en nome e representación de D. Miguel González Carrera, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(1824).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ÁNGELA ABALDE GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1119/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Ángela Abalde González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xuño de 2006, no que expón que o día 20 de xuño de 2006, mentres camiñaba pola rúa Ponte Romana de Portanet, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo da Policía Local, de data 11/07/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/01/2007, sobre o estado do lugar no que ocorreu o accidente, indicando que o deterioro do mesmo era visíbel.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os danos sufridos en 1.077,99 euros.*
- Práctica de proba testifical, en data 17/09/2007, á testemuña proposta pola reclamante.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 19/09/2007.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- α) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- β) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- χ) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- δ) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Nos expedientes de responsabilidade patrimonial é preciso constatar en primeiro lugar un dano avaliábel economicamente. Se ben incumbe á reclamante a avaliación destes danos no seu escrito inicial de reclamación, a Administración, en virtude do principio de boa fe procesual, debe apurar todas as posibilidades de proba, polo que se solicitou ditame médico das lesións polos que se reclama. E así, consonte cos partes de asistencia presentados, pola reclamante esta sufriu unha lesión o día 20/06/2006, consistente nunha fractura incompleta base 4ª metacarpiano man dereita da que recibe tratamento médico ata o 04/07/2006, data na que é dada de alta definitiva. No informe médico de alta de data 04/07/2006 non se aprecian secuelas, polo que non cabe apreciar estas ó non resultaren constatadas. As lesións valóranse en ditame médico solicitado ó efecto en 576,38 euros.*

*Terceiro.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do*

*dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Cuarto.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:*

- *Da proba testifical practicada que Dna. Ángela Abalde caeu o día 20/06/2006 na rúa Ponte Romano, sendo nese intre pola mañá, e resultando que no lugar había unha visibilidade normal.*
- *Tanto do informe do servizo de Vías e Obras de data 15/01/2007 como da propia proba testifical resulta que os desperfectos na beirarrúa ocupábana toda, aínda que a zona máis deteriorada medía uns 4 m<sup>2</sup> aproximadamente. Os desperfectos eran visíbeis a máis de 5 metros, de feito a testemuña fala de que son visíbeis, que todos saben que a rúa atopábase en mal estado e que se vía a distancia.*
- *Respecto á causa da caída, e se esta foi a consecuencia dese mal estado ou por outra razón, da proba testifical practicada non se acredita este extremo por canto a testemuña di que non sabe o que pasou, se é que a reclamante se mareou xa que lle viu facer o xesto de tambalearse.*

*De todo o que resulta que ademais de que os defectos da beirarrúa eran visíbeis e patentes a longa distancia e polo tanto perfectamente evitábeis gardando a dilixencia debida segundo a doutrina que se cita, resulta que, tampouco resulta acreditado que a caída e lesión consecuenta o fose a causa do mal estado da beirarrúa, por canto a testemuña viu facer a reclamante o xesto de tambalearse previo, e dubida acerca da causa da caída, que di que puido ser a consecuencia dun mareo.*

*Quinto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguente indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Ángela Abalde González por unha caída ocorrida o día 20 de xuño de 2006 na rúa Ponte Romano de Portanet, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(1825).- RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO FERREIRÚA RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1472/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 25.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Antonio Ferreirúa Roríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de febreiro de 2007, no que expón que o día 14 de febreiro de 2007, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-7234-BJ, pola avenida de Beiramar, pasou por unha focho, causándose danos materiais ó dito vehículo.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 13/03/2007.*
- b) Parte do servizo da Policía Local, de data 14/02/2007, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Ferreirúa relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán os danos no vehículo e a existencia dunha focho na vía, manifestando ó reclamante que debe dirixir a reclamación á Autoridade Portuaria ó tratarse a vía referida de competencia desta administración.*
- c) Informe do Inventario municipal, de data 31/08/2007.*
- d) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 04/09/2007, no que indican que o tramo comprendido entre a saída do túnel de Beiramar e a rotonda da entrada á lonxa é competencia da Autoridade Portuaria.*
- e) Evacuase trámite de audiencia á reclamante, en data 11/09/2007, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

– Que non sexa produto de forza maior.

Terceiro.- De acordo co informe do servizo de vías e obras, de data 4 de setembro de 2007, “o tramo comprendido entre a saída do túnel de Beiramar e a rotonda de entrada á lonxa é competencia da Autoridade Portuaria”. Á vista deste dato, temos que concluír que, dado que o Concello de Vigo non é o titular da vía na que ocorreu o accidente obxecto da presente reclamación, non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público do mesmo, polo que falla un presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo, que polo tanto carece de lexitimación pasiva no presente procedemento.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Antonio Ferreirúa Rodríguez, ó carecer o Excmo Concello de Vigo de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a titularidade da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido ningún título competencial respecto á conservación e mantemento da mesma.

2º.- Dar traslado do presente expediente á Autoridade Portuaria ós efectos oportunos”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(1826).- RECLAMACIÓN DE AGRUPACIÓN MUTUALISTA ASEGURADORA (D<sup>a</sup>. MARÍA CAROLINA OTERO ALONSO) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1066/243. RESPONSABLE UTE CONTENUR S.L./OTTO INDUSTRIAL S.A.** Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 24.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

A Agrupación Mutualista Aseguradora (A.M.A.) presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de maio de 2006 no que expón que o día 30 de marzo de 2006, o vehículo de propiedade de Dna. María Carolina Otero Alonso, con matrícula 7415-BKT e asegurado por AMA, atopábase estacionado na rúa Cangas e foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 30/03/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Otero relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán os danos no vehículo e que o colector desprazado carecía de sistema de freado.
- Informe do Parque Móbil, de data 05/10/2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Castiñeira, presentado pola reclamante, por un importe de 464 euros IVE incluído, son razoábeis.
- Informe do servizo de Limpeza, de data 10/10/2006, indicando non teren máis constancia dos feitos reclamados que os recollidos no parte do servizo da Policía Local.

- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contenur-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 02/11/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 10/11/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 18/12/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica e que a causa do choque foi o desprazamento polo vento do colector de lixo, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son subministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.*

*En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, colectores subministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto legislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das probas propostas, das actuacións seguidas no expediente, resulta que:*

- *No parte do servizo da Policía Local que acudiu ó lugar a requirimento do condutor do vehículo, consta que o colector carecía de sistema de freado.*



Do anterior, resulta que sendo as condicións climatolóxicas adversas, sen que resulte acreditada non obstante ningunha causa de forza maior, o colector, que tiña o seu sistema de freado deteriorado, foi desprazado por circunstancias da climatoloxía ata a calzando, topando co vehículo, polo que é obvio que nos atopamos ante un dano que é consecuencia directa do funcionamento dun servizo público que o particular non ten a obriga xurídica de soportar, ó estar o colector deteriorado no seu sistema de freado.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público, aínda que este servizo é asumido por un concesionario por canto o Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 29/07/2002 acordou adxudicarlle á Unión Temporal de Empresas formada por Contenur España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para instalación, reposición e mantemento dos colectores e papeleiras no Concello de Vigo. Os artigos 128.1.3º do Decreto de 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 121.2 da Lei 16/12/1954, Lei de Expropiación Forzosa, imponen ó concesionario dun servizo público a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles cause o funcionamento do dito servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola corporación con carácter ineludíbel. No mesmo senso pronuncíase o artigo 97 do Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas. O procedemento para reclamar danos nestes supostos regúlase nos artigos 121 e 55 da Lei de 16/12/1954 citada, establecendo que a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, quen resolverá tanto sobre a procedencia da reclamación sobre quen a debe aboar, resolución que deixará aberta a vía contencioso-administrativa.

Resulta preciso destacar a este respecto que o prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato coa concesionaria establece na súa cláusula x-f) a obriga do concesionario de responder de que, en todo momento, estean instalados e en perfectas condicións de uso os colectores e papeleiras, e na súa cláusula II.2.c) como prestación ou de mantemento e reposición delas. Consecuentemente co anterior, na cláusula X.I.c) que o contratista estará obrigado a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola Agrupación Mutualista Aseguradora en nome e representación de Dña. María Carolina Otero Alonso.

2º. Declarar que a responsabilidade dos danos corresponde á U.T.E. Contenur S.L./ Otto Industrial S.A., concesionaria do servizo municipal de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, por incumprimento do artigo X punto 2 do prego de condicións administrativas que rexe a concesión e de conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, debendo a dita empresa indemnizar á Sra. Otero na contía de 464 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **23(1827).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ESTHER MADRIÑÁN VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1057/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 14.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

*Dna. Esther Madriñán Vázquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de maio de 2006, no que expón que o día 3 de maio de 2006, mentres camiñaba pola rúa Camelias, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 03/05/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos (avenida Camelias número 141), a Sra. Madriñán relátalles o accidente que tivera, sendo a continuación trasladada ó Hospital Xeral; igualmente, comprobán a existencia dos danos físicos e na vestimenta da reclamante e de lousas desniveladas na beirarrúa.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/06/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que o desperfecto seguía na data do informe.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 10/07/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acoillida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduce na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- De conformidade co parte de servizo da Policía Local de Vigo de data 03/05/2006, que chegaron ó lugar máis tarde de que acontecesen os feitos, Dna. Esther Madriñán Vázquez se atopaba recibindo asistencia médica tras unha caída na avenida Camelias en Vigo, observando os axentes actuantes danos en xeonllos, mans e ombro, así como que tiña nos seus pantalóns manchas e marcas da caída.
- Non hai testemuñas presenciais da caída nin das circunstancias nas que esta tivo lugar, manifestándolle a reclamante á Policía local que tivo lugar debido a unhas lousas que sobresaían na beirarrúa.
- Tampouco se achegan facturas de reparación, limpeza ou compra de pantalón, nin partes de asistencia médica, ou de alta e baixa laboral.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e a Policía local refírese a unha caída na beirarrúa segundo refírese a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Esther Madriñán Vázquez por unha caída ocorrida o día 3 de maio de 2006 na rúa Camelias, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(1828).- RECLAMACIÓN DE D. FERNANDO ALONSO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1064/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 24.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Don Fernando Alonso González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de maio de 2006, no que expón que, ó camiñar polos xardíns existentes ó principio da avenida Europa, á altura do monumento ó emigrante, sufriu unha caída por mor do mal estado dunha baldosa do pavimento, causándose danos materiais no seu zapato dereito.*

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 21/06/2006, no que indican que na data do informe, a zona xa fora reparada.
- Práctica de proba testifical, en data 18/08/2006, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma algúns extremos alegados polo Sr. Alonso, aínda que non presenciara a caída do reclamante.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 22/08/2006, que non formula alegacións.
- Informe do servizo da Policía Local, de data 19/09/2006, no que indican non teren constancia dos feitos mencionados.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- O reclamante solicita unha indemnización por importe de 90 euros pola rotura duns zapatos cando caeu preto de onde se atopa a estatua do emigrante na avenida de Castelao, aínda que non achega a este respecto presuposto de reparación, factura de compra ou orzamento.

Se ben indica en escrito de 02/06/2006 que no momento do percance acompañábanlle dúas persoas que propón como testemuñas, na proba testifical que se practicou ó efecto neste Concello e na que soamente compareceu unha delas, esta manifesta que non coñece persoalmente ó reclamante, polo que é evidente que non lle podía acompañar, achegando ó lugar cando este xa caera e estaba sendo atendido pola xente.

Descoñécense polo tanto as circunstancias nas que a caída tivo lugar, por canto a estes efectos non resultan suficientes as propias manifestacións do interesado que non pasan de ser unha mera tese argumental desprovista dunha mínima proba que obxectivando as súas alegacións xustifique verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos (ditame 2/2005 do Consello Consultivo de Galicia). Con independencia de que non resultan obxectivamente avaliados os danos nos zapatos, ó non acreditarse que a caída tivo lugar a consecuencia de defectos ocultos no lugar e non por calquera outra circunstancia procede desestimar a reclamación efectuado ó non ser acreditada a relación causa efecto entre o percance e o funcionamento dun servizo público municipal.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Fernando Alonso González polos danos e perdas ocasionados por unha suposta caída o día 5 de maio de 2006 na avenida Europa”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(1829).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. EVA BAÑOS MARTÍNS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1128/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 25.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Eva Baños Martins presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de xuño de 2006, no que expón que o día 24 de xuño de 2006, mentres camiñaba pola rúa Rosalía de Castro, á altura do número 34, sufriu unha caída por mor da tapa dunha boca de auga que estaba aberta, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 22/07/2006.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 435,60 euros.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 27/09/2006, no que indican que o mantemento das bocas de rega compete á concesionaria Aqualia.*
- Informe do servizo da Policía Local, de data 18/10/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 05/01/2007, que non formula alegacións.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 26/01/2007.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.*

*O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcimento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.*

*Cuarto.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á*

Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta que:

- Se ben Dna. Eva Baños Martíns expón que o día 24/06 ás 09:45 horas da mañá padeceu unha escordadura do nocello, presenta ós efectos de proba deste feito asistencia médica no servizo de urxencias do Sergas de data 26/06 ás 14:37 horas.
- Non hai testemuñas presenciais do suceso e, recabado informe á Policía Local sobre os feitos, tampouco hai constancia de ningunha intervención súa en relación con el.
- No parte de asistencia médica de urxencias non se prescribe tratamento médico de inmovilización ou férula, nin tampouco resulta acreditado que o suceso tivese consecuencias laborais na reclamante.

Resulta polo tanto que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada de que o accidente tivese lugar no día que ela indica e que o fose a consecuencia de pisar no lugar indicado, nunha boca de rega situada na rúa Rosalía de Castro.

Carecendo polo tanto da necesaria proba do nexo causal entre a lesión padecida e o funcionamento dun servizo público, procede cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración, desestimando a reclamación de responsabilidade patrimonial.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Eva Baños Martins, por mor das lesións sufridas por unha caída supostamente acaecida o día 24 de xuño de 2006 na rúa Rosalía de Castro”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(1830).- RECLAMACIÓN DE D. CÁNDIDO CABALEIRO ÁLVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 902/243. RESPONSABLE UTE ELOYMAR/TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 24.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

